

Encuentro “Con soberanía alimentaria, sen transxénicos” País Vasco, Marzo 2008



CON SOBERANÍA ALIMENTARIA, SEN TRANSXÉNICOS : ARTICULANDO LOITAS

Os días 15 e 16 de marzo de 2008 celebrárase un foro para articular loitas e estratexias ao redor das campañas a favor da agricultura e alimentación libre de transxénicos. O foro está pensado concretamente para os movementos sociais contrarios á enxeñería xenética a nivel da Península Ibérica e para organizacións de persoas produtoras de alimentos (poboación agraria, comunidades indíxenas, hortelanas urbanas, etc) a nivel mundial. Neste sentido o foro é unha iniciativa conxunta promovida inicialmente polo sindicato agrario vasco EHNE coa participación de Vía Campesina, Greenpeace, GRAIN, Amigos de la Tierra, Ecologistas en Acción, Red de Semillas “Resembrando e Intercambiando”, Entrepueblos e COAG. Terá lugar no País Vasco (Estado español).

Resultado:

A iniciativa organízase nun momento clave na loita a favor da soberanía alimentaria e en contra dos organismos xeneticamente modificados na agricultura e a alimentación:

- A oposición cidadá aos alimentos transxénicos mantívose firme durante os últimos anos a pesar da enorme presión exercida polas empresas de enxeñería xenética e as actitudes e accións prol-transxénicos de moitos gobernos en diferentes lugares do Planeta. Un crecente corpo de información científica e económica dá razón a este rexeitamento cidadán.
- Concretamente na Unión Europea, estase visualizando un claro e crecente desmarque de numerosos gobernos rexionais e estatais respecto da postura prol-transxénica da maior parte da Comisión Europea, con moratorias a determinadas variedades modificadas xeneticamente (MG) introducidas por diversos Estados Membros. O propio Comisario de Medio Ambiente contempla rexeitar novas variedades de millo, á vez que variedades MG xa no mercado como o MON810 son xa ilegais ao non superar a renovación de aprobación que marca a lexislación. Estase á porta dunha Europa libre de cultivos transxénicos, fito que beneficiaría enormemente a loita a favor dun mundo libre de OMG.
- No contexto Europeo, a Península Ibérica segue sendo onde maior superficie de variedades MG se sementa, polo que as estratexias adoptadas polos movementos sociais locais son claves na loita contra os transxénicos.

O foro organízase ao redor dos seguintes principios básicos:

1. A necesidade de garantir a agricultura e alimentación libres de transxénicos, tanto ecolóxica ou convencional/tradicional.

Encuentro “Con soberanía alimentaria, sen transxénicos” País Vasco, Marzo 2008



2. Tolerancia cero á contaminación MG en todas as actividades e todos os produtos agrarios e alimentarios.
3. A imposibilidade da coexistencia entre sistemas de produción agraria e alimentaria transxénica e non transxénica.
4. O dereito á soberanía alimentaria e ao uso e conservación da biodiversidade por parte das persoas produtoras de alimentos , ambos incompatibles coa agricultura e alimentación MG.

O obxectivo básico do foro é analizar e articular estratexias comúns tanto para promover os obxectivos das organizacións que participan como para garantir os catro principios básicos detallados arriba. Quérese compartir información e facilitar a plasmación dunha voz forte e clara no movemento por unha agricultura libre de OMG de parte dos movementos da Península Ibérica e da poboación campesiña a nivel mundial.

Proponse abordar os seguintes temas:

1. Como manter, promover e/ou recuperar sistemas de produción agraria e alimentación libres de OMG
 - a. Implicacións para cultivos con variedades MG no mercado ou que xa están contaminando cultivos non-MG
 - b. Implicacións para alimentos gandeiros: alimento gandeiro libre de OMG no contexto da produción local de alimento gandeiro (soia e millo libre de OMG é unicamente un paso)
 - c. A importancia das sementes de variedades campesiñas locais en mans das poboacións locais de produción de alimentos para a agricultura libre de OMG
 - d. A importancia do consumo responsable: mercados locais, hábitos de consumo, alimentos libres de MG
 - e. O papel das declaracións de zonas libres de OMG
 - f. O papel da OMC e, para a UE, a reforma da PAC para a agricultura libre de OMG
 - g. Lexislación vixente que obstaculiza ou que favorece a agricultura e alimentación libre de OMG
2. O papel especial das mulleres en garantir tanto a agricultura como a alimentación libre de OMG

Encuentro “Con soberanía alimentaria, sen transxénicos” País Vasco, Marzo 2008



3. Novos retos que ameazan o movemento libre de OMG: mutexenese, nanotecnoloxía, bioloxía sintética, terminator, patentes, cambio climático, agrocombustibles...

Sublíñase que, en todos os casos, o obxectivo principal é chegar a identificar e articular estratexias de loita.

Esta iniciativa está aberta a todas as organizacións de produtores de alimentos a nivel mundial (poboación campesiña, comunidades indíxenas, comunidades de pesca, grupos de hortas urbanas...) e a todos os movementos da sociedade civil da Península Ibérica, en ambos os casos, aquelas organizacións que están de acordo cos principios básicos detallados arriba. Estes principios formarán o punto de partida para os debates sobre estratexias comúns que se realizan durante este foro.

O foro porá a súa maior énfase en grupos de traballo, con moi curtas sesións plenarias de introdución e de posta en común das consideracións de cada grupo de traballo.

En xaneiro facilitarase nas páxinas web das organizacións promotoras desta iniciativa a información correspondente aos temas concretos a considerar e a metodoloxía de traballo dos talleres, como rexistrarse ou solicitar máis información, e información loxística acerca do lugar en que se celebrará o foro, transporte, aloxamento, etc. Igualmente en xaneiro, confirmarase a proposta dunha xornada previa sobre sementes campesiñas.